


ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

HORARIO	<p>Mañá: * Entrada: 9:00 h * Saída: 14:00 h</p> <p>Cada neno/a colocarse na súa fila para entrar no centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lembrámosvos que a entrada é ás 9:00 horas e que a chegada máis tarde debe ser sempre con causa xustificada. <u>As portas do Centro permanecerán pechadas durante o horario escolar</u> - Prégase deixen espazo suficiente nos accesos ao edificio -portas de entrada- co fin de permitir unha entrada e saída do centro co menor risco posible para os alumnos. Tamén vos solicitamos o máximo coidado polo medio ambiente, respectando as zonas de xardín do recinto escolar. <p>Recórdase que o acceso en coche ao recinto escolar é exclusivo para vehículos autorizados, quedando expresamente prohibido o acceso ao resto de vehículos.</p>
ENTREVISTAS	* Concertaranse verbalmente ou por escrito para o día de titorías (luns de 16:00h a 17:00h).
FALTAS DE ASISTENCIA	* Xustificaranse mediante un escrito asinado polo pai/nai que se entregará ao titor/a.
INCIDENCIAS	* Para levar/traer os nenos e nenas do centro en horario de clase (médico, asuntos familiares...) será preciso cubrir un impreso na conserxería.
DATOS DO ALUMNADO	<p>Co fin de ter actualizados os datos persoais dos alumnos, rogamos que comuniquen aos titores, o antes posible, os posibles cambios nos mesmos referentes a nº de teléfono, enderezo, alerxias, opción relixiosa...</p> <p>De non comunicar ningún cambio considerárase que se mantén a mesma información do curso pasado.</p>

SAÚDE	* En caso de accidente ou indisposición do alumnado, se é leve, será atendido polo titor ou titora e de considerarse máis grave chamarase á familia inmediatamente. No caso de non contactar coa familia farase co servizo de urxencias.
ACTIVIDADES ESCOLARES	<p>* O colexio informará sobre as saídas e actividades que se teñan previstas para este curso e sobre as que vaian xurdindo ao longo do mesmo, así como o custo de cada unha delas, cando sexa precisa a colaboración familiar.</p> <p>* Enviarase unha autorización xeral que deberá ser asinada e entregada aos titores. Terá validez para todas as saídas que se programen, aínda que puntualmente se enviará información sobre cada unha delas.</p>
SERVIZOS	<p>*Almorzos.</p> <p>* Comedor escolar *Actividades extraescolares</p> <p>* Biblioteca escolar</p>
COMEDOR	<p>O Comedor Escolar funcionará dende o 12 de setembro ata o 21 de xuño en horario de 14:00h a 16:00h.</p> <p>As comunicacións esporádicas da non asistencia ao comedor serán comunicadas con antelación na administración do centro (Chelo tfno.: 881880609).</p> <p>Estas ausencias serán tamén comunicadas por escrito (cumprimentando o modelo que se solicita na Conserxería ou se descarga da web http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdiazpardo/) e entregándollo ao titor/a e á responsable de comedor.</p>
	Como xa sabedes, en breve comezará a funcionar esta aplicación, a través da que se vos enviarán informacións do centro.